



BLAS LOURÉS

Labor et amor omnia vincit

AURELIA BALSEIRO GARCÍA

Comisaria da exposición

As institucións museísticas teñen a función de contribuíren á difusión da arte galega contemporánea, tamén a través de mostras expositivas de carácter temporal que afondan no coñecemento da obra de autores tanto noveis como xa consagrados e na súa divulgación.

Coñecer a obra dos nosos e das nosas artistas enriquece o panorama artístico xeral e contribúe a realizar reflexións críticas individuais e de conxunto que fornecen a nosa identidade cultural e o legado que transmitimos.

Nesta ocasión cúmprese unha obriga cun artista lucense que merece o recoñecemento a un traballo constante, en ocasións pioneiro, que elixiu ficar na súa cidade, desenvolvendo a súa vocación en Lugo sen renunciar a breves estadias externas ou ás etapas de primeira aprendizaxe en Madrid. A gran capacidade creativa de Blas Lourés fai necesaria a revalorización da súa obra non só como un feito cultural individual, senón como parte da historia da arte lucense e galega. Agora, facemos esta merecida mostra monográfica e representativa de toda unha vida dedicada á arte. En consecuencia, é a mostra máis extensa e completa que se lle dedicou e pecha un ciclo de numerosas e continuas exposicións que comeza coa primeira colectiva na que participou en 1954 tras volver de Madrid, ou pola primeira individual que fixo en Lugo en 1960. Continúa nas décadas dos sesenta e setenta, especialmente prolíficas quizais pola intensa actividade artística coa agrupación «Os Urogallos» onde se integraba xunto cun grupo de amigos artistas e segue co resto da súa produción posterior ata hoxe. Esta antoloxica tamén se pode considerar como unha homenaxe a un *curriculum vitae* representativo dun longo e gran traballo.

Blas Lourés naceu en 1926 e con dezasete anos comezou coa pintura. Esta gran secuencia temporal fai que a tarefa de realizarmos unha escolma da obra completa sexa un traballo complicado e difícil e un exercicio de memoria histórica. Aínda así, como obxectivo principal intentouse seleccionar dentro da súa inxente produción artística todos os momentos do seu decurso vital

Cos alumnos do Seminario
de Lugo



Retrato de Blas Lourés de
Foto Daniel




para apreciar a súa evolución, madurez e consolidación. Por este motivo aparece representada dende a súa primeira obra pictórica até a última, —de momento—, realizada no ano 2011, xunto cunha mostra da obra gráfica, os debuxos e os esmaltes. Non obstante, na exposición tamén se amosan as outras facetas de Blas Lourés, sobre todo a docente¹, á que lle dedicou a meirande parte da súa vida profesional e tamén a biográfica. Todas estas distintas caras da súa personalidade poliédrica sempre estiveron imbricadas no desenvolvemento dunha creatividade artística, razón pola que foi necesario tratalas como un todo en conxunto.

Para mitigar a influencia da globalización neste mundo no que vivimos inténtase primar a máxima «do local ao universal», intentando non perder a identidade. Pois ben, Blas Lourés xa foi un adiantado á súa época ao xuntar dende o principio da súa carreira tradición e vangarda, binomio que xa recolleron e practicaron na súas creacións «os novos»: renovadores como Maside, Colmeiro, Seoane ou Laxeiro cos que Blas ten bastantes concomitancias estilísticas e temáticas. Previamente Castelao xa nos falaba sobre a necesidade de facer unha «arte galega» e Seoane escribía: «queremos enriquecer o mundo coa nosa diferenza». Todos eles coinciden nas súas fontes de inspiración, sempre mirando ao seu redor, polo que as escenas, as paisaxes, as xentes que representan son as da súa terra. Hai unha vinculación clara ao territorio, ás raíces, que tamén se aprecia en Blas como home do seu tempo e artista en contacto co panorama artístico predominante daquela.

Outros mestres que lle deixaron fonda pegada nas súas primeiras visitas ao Museo do Prado foron Velázquez, O Bosco, Vermeer, pero sobre todo Goya.

¹ Nomeadamente a docencia que lles ofreceu a varias xeracións de lucenses no Círculo das Artes de Lugo, institución coa que estivo vinculado de xeito constante e intenso (dende 1969). Pero tamén deu clases de debuxo no Seminario Diocesano e no colexio público Sagrado Corazón.



Folleto da primeira exposición de traballos dos seus alumnos do Círculo das Artes

Exposición no «Banco de Crédito e Inversiones» o 19 de decembro de 1979 (Praza do Ferrol, Lugo).

FOTO PEINÓ

OBRA PICTÓRICA

A preponderancia da figuración é unha constante en toda a súa obra, nesa liña da corrente neofigurativista da xeración dos anos cincuenta. Son os novos realismos que se mesturan coas influencias doutras vangardas da primeira metade do século xx, dando resultados moi interesantes e un gran eclecticismo formal. Porén, a linguaxe expresiva e o universo creativo de cada autor é único e persoal e transmítese a través de diferentes formatos e materias.

Coherencia é unha palabra que define a produción plástica de Blas. Os comezos realistas non impiden que experimente co cubismo, expresionismo e outras tendencias, porque cunha longa e fecunda traxectoria é inevitábel pasar por diferentes etapas estilísticas: a época vermella e a época azul, por exemplo. Ambas as dúas cores son típicas e sobre elas volve varias veces de distinto xeito.

A etapa vermella vén pola preponderancia desa cor, sempre tan benquerida polo autor e que xa comeza a ter protagonismo a comezos da década dos 70 en cadros como *A sega* (1972), *Nena tocando a guitarra* (1974), *O trato* (1974), *Fanfarria* (1977), *Maternidade* (1977), *Mulleres na beira Miñá* (1975), *Anxelus* (1979), *Mulleres* (1983), etc. Todos eles moi representativos do seu estilo. Ás veces a cor aparece levemente mesturada con tonalidades ocreas ou directamente en toda a súa potencia cun toque «*fauve*» como no *Cabalo roxo*.

A etapa azul predomina na década dos 90 como en *A muralla* (1991) *Antroido* (1992), *Retais* (1992), *Autorretrato en azul* (1992), *Na feira* (1996), *Retrato de Josefina* (2000)...

A pesar das formas xeometrizadas, símbolo de modernidade e vangarda, e os coqueteos coa abstracción, na obra pintada prevalece a figuración. Como el mesmo di: «a miña pintura, aínda que sempre é a mesma, tivo distintos camiños» e é «o retrato da miña vida». Vemos daquela en moita da súa produción unha descomposición xeométrica da realidade e da perspectiva, que utiliza a cor tamén como recurso visual, pero que deixa adiviñar sempre as formas. Tamén se fala

Estudio de Blas Lourés

Bosquexo preparatorio da obra
No trato (1974)



de que puido ser un gran muralista porque algúns dos seus cadros teñen esas proporcións que se adaptarían perfectamente aos murais.

O seu estilo gabárono escritores como Uxío Novoneyra, quen dicía del: «Blas Lourés pinta o que lle dá a gana»; Manuel María, Anxel Fole, Celestino Fernández de la Vega, Luís Pimentel, Xulio Valcárcel, ou Darío Xohán Cabana e por artistas como Xulia Minguillón ou Maside.

Tecnicamente decántase polo predominio do óleo na pintura, dándolles un protagonismo especial ás cores como elemento expresivo. A cor é un dos fundamentos da súa obra plástica e con este recurso consegue as perspectivas, a forza e a rotundidade das representacións. Incluso o seu uso determina etapas ou momentos creativos. Outras veces quere darlle maior protagonismo ao lenzo e pode deixalo en branco como outra forma de usar o soporte tamén como un medio de expresión ou recurso.

As fases de execución das obras pasan polo debuxo, a mancha e o empaste, pero malia primar o óleo non renuncia a mesturar ou experimentar con outras técnicas e utiliza ceras, acrílicos, rotulador permanente, etc. Poderíamos dicir que Blas é un pintor de cabaleta. Despois de interiorizar e preparar bosquexos sobre o tema para plasmar, reclúese a traballar no estudio até que o cadro lle di «xa está», porque el sabe cando a obra está rematada.

A outra característica máis salientábel da súa técnica ou estilo é a importancia que lle dá ao debuxo, que evoluciona cara á sinxeleza, cara ás liñas esenciais, tanto se se utiliza como un medio ou recurso para a pintura ou na propia obra gráfica.

A iconografía é variada, pero ten unha constante sempre: a muller como icona e inspiración ao longo do tempo, entendida dese xeito, ao igual que Colmeiro, como unha representación xeral do eterno feminino². Predominan as escenas con temas populares na liña de Cezanne, Millet ou Van Gogh.

² Expresión do escritor J. W. von Goethe e interpretada como idea da beleza.



Sen título. Ceras e pastel sobre cartón (1964). 32 × 30 cm

Blas Loursés pintando (1962).

AHP LUGO. VEGA 5191/2


Os retratos reais ou figurados abundan directa ou indirectamente, sobre todo dos labregos e paisanos que tanto adoita pintar e dos homes e mulleres do campo realizando as faenas habituais: segando (*A mao da fouchiña*, 1983, *Segando*, 1979, *A sega*, 1972); lavando, (*Lavadeiras*, 1978); nas feiras e festas (*No trato*, 1974, *Antroido*, 1992, *Na feira*, 1996); na malla (*A malla*, 1972); volvendo do traballo (1983); vendendo froita (1985)... Outra modalidade recorrente son os autorretratos que podemos poñer en relación coa historia da arte dende os romanos, pasando polo Renacemento e con paralelos de artistas que se autorretratan desde Durero a Picasso, quen, por outra banda, parece inspirar un cadro de Blas Loursés: *Autorretrato. A modelo e o pintor*, de 1984.

As naturezas mortas con obxectos aparentemente planos, aparecen como motivo principal ou secundario. Hai moitos exemplos de bodegóns porque sempre lle gustou a pintura de obxectos.

Tamén aprecia as paisaxes reais, afastadas, distantes e abertas. En 1999 fai unha exposición de óleos con vistas da Ribeira Sacra na que se inspirou para esta serie, continuada pola do Courel, aínda que esta son esmaltes (1999), ou no 2006 outras obras con veladuras das néboas da Ribeira Sacra, e por suposto, as vistas da súa cidade coa muralla sempre presente (*A muralla de Lugo*, 1971). O seu paisaxismo ten tanto escenarios naturais como urbanos.

En xeral, todos os xéneros se tratan cunha profunda subxectividade explorando diversos enfoques. Finalmente o espectador fará as interpretacións e reflexións que considere, pero non sempre coinciden coa intencionalidade buscada polo creador, teñen vida propia: a alegoría está servida.

Carné da Escola de Belas Artes de San Fernando



Obra en papel

Unha cuestión que ás veces se deixa de lado nas exposicións é a valorización do proceso creativo. Non obstante, constatamos que o público ten especial interese por este tema, e en consecuencia, amosamos bosquexos e debuxos preparatorios das obras seleccionadas que visualizan as fases de execución de cada obra. Así mesmo, e dada a limitada capacidade espacial tanto no catálogo coma na propia exposición, seleccionamos un cento de debuxos, moitos deles apuntes rápidos de nus realizados en estudio con diferentes escorzos, ademais de esmaltes sobre papel e gravados.

Toda a obra gráfica en papel distribúese dun xeito cronolóxico comezando polos primeiros debuxos de aprendizaxe que realizou entre 1944-45, porque son os primeiros testemuños e resultado das clases que recibiu en Lugo cando o profesor don Rafael Estrada e o seu talento convenceron o seu pai para que o alumno avantaxado puidera estudar debuxo artístico e logo marchara para Madrid deixando o negocio paterno pola arte.

Continuando co Blas debuxante, despois viría a súa etapa madrileña cunha bolsa da Deputación de Lugo (do ano 1949 ao 1951). Desta parte amosamos unha serie de nus, apuntes rápidos do natural, realizados en 1953 no círculo de Belas Artes de Madrid, e finalmente, outra serie de «varios», con 17 debuxos realizados na mesma época a lapis e grafito de pequeno tamaño (10 x 12). E remata esta sección con outros máis posteriores e xa con cor engadida polas ceras, tinta chinesa, *gouache*, sanguina, etc. (anos 50 en diante), como os realizados internándose na abstracción na época dos «urogallos»³ (*Familia ó cadrado* e *A bicicleta*, ambos os dous de 1964).

Dentro da obra en papel tamén aparecen unha serie de «esmaltes en frío»⁴ que, en tons grises e negros, debuxan paisaxes como os do seu benquerido Courel⁵, aplicando unha técnica pictórica moi persoal.

³ No ano 1962 e logo a principios dos anos 70, con Pacios, Tino Prados, Antonio Estrada, López Guntín, Manolo Cancio e Juan Puchades, formaron a asociación *Los Urogallos*, co mecenado do gobernador Azcárraga como el sempre recorda, cuxa pegada máis significativa foron as «exposicións educativas volantes» realizadas por toda a provincia de Lugo e a novidade de achegarlle a arte ao pobo fóra dos circuitos habituais expoñendo tamén noutros locais alternativos.

⁴ Así os denomina o autor porque non van ao lume (forno). É unha técnica pictórica difícil de manexar que emprega esmalte brillante en frío matizado con augarrás sobre un soporte de papel especial.

⁵ Coa influencia e ás veces a compañía do seu amigo o escritor Novoneyra pintou en moitas ocasións as paisaxes e as xentes do Courel.



Os Urogallos

Alguns libros ilustrados por Blas Lourés: *¿E decímolo ou non o decimos?* (Ánxel Fole, 1972), *A fraga amurallada* (Darío Xohán Cabana, 1983), *Poesía fea* (Lupe Gómez, 2000), *Definitivo territorio* (José Luis Calvo, 2004), *Corazón valiente* (Carmen Blas Lourés, 2008) e *Viaje a Lugo* (Álvaro Cunqueiro, 2011)

Mención á parte merecen os gravados tan característicos deste artista que até hai pouco estampaba el mesmo directamente. A técnica preferida é o linoleogravado⁶, aínda que tamén ten punta seca, augatintas, algunha xilografía, etc. O uso da cor, en base sobre todo a azuis e vermellos, é tamén significativo na obra gráfica.

Os gravados de Blas Lourés son especialmente salientábeis pola importancia que lle deu sempre ao debuxo como base principal da produción artística de calquera autor. Así, son un exercicio de concreción, sinxeleza, contención... as liñas son intensas e forman volumes rotundos, os contornos destacados danlles profundidade, a composición está moi coidada (texto eliminado). Coma nos debuxos, o dominio da liña é moi representativo da linguaxe expresiva deste artista.

Algún destes gravados teñen a súa parella/correspondencia en óleos como *A Muralla* (1991) ou *Nu en vermello* (1995), similares respectivamente aos gravados *A miña muralla* (2011) e *Maternal* (2006), porque sobre unha mesma idea ou apunte pode volver traballar varias veces.

Outra das súas facetas é a de ilustrador, tanto en libros de escritores amigos como en colaboracións solicitadas ex profeso como o libro de Anxel Fole *E decímolo ou non o decimos?* (Lugo, 1972), *Os Eidos* de Uxío Novoneyra (Vigo, 1981), *A fraga amurallada* de Darío Xohán Cabana (Ourense, 1982), *Pucharcas* de Antón Grande (Lugo, 1987), *Poesía fea* de Lupe Gómez (Santiago 2000) ou nos libros *Homenaxe a Manuel María* (A Coruña, 1995) e a *Uxío Novoneyra* (Santiago, 1999).

Finalmente, no colofón desta introdución cómpre que aparezan os sinceros agradecementos para toda a xente que colaborou neste traballo comezando polos coleccionistas prestadores de obra, persoal do museo, axudantes de montaxe, deseño, publicación, revisión lingüística e unha moi especial dedicatoria a Josefina e Suso, porque ambos os dous fan un único tándem, por todas esas horas de conversa compartindo anécdotas de toda unha vida na que como di a cita do principio «o traballo e o amor vencen todas as cousas».

⁶ Gravado en relevo trazado a man sobre unha plancha de linóleo.